



EXPEDIENTE: 2021/TRIBUNAL/000005

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE ARQUIVEIRO, INTEGRADA NO GRUPO "A", SUBGRUPO A1, DA SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS SUPERIORES, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2020, POLA QUENDA LIBRE.

RESULTADO DO SEXTO EXERCICIO. Reunido o Tribunal cualificador o día 26 de maio de 2021 para proceder á cualificación do sexto exercicio (proba de coñecemento práctico informática) aplicando os criterios de cualificación establecidos na base específica 4, apartado f) as cualificacións obtidas polas persoas aspirantes foron as seguintes:

NOME E APELIDO	NOTA
RODRIGO SILVA POCEIRO	2,55
MARIA PEREZ MARTINEZ	2,1

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.- A puntuación final e relación de aprobados no proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de raza de Arquivo, integrada no grupo "A", subgrupo A1, da subescala técnica, clase técnicos superiores, da escala de administración especial, incluída na OEP do ano 2020, aplicando a base 14º das bases xerais, é a seguinte:

NOME	APELIDOS	1º EXERC.	2º EXERC.	3º EXERC.	4º EXERC.	5º EXERC.	6º EXERC.	TOTAL
MARIA	PEREZ MARTINEZ	5,6	APTA	7	2,76	11	2,1	28,46
RODRIGO	SILVA POCEIRO	5,73	APTO	6,5	1,98	13	2,55	29,76

PROPOSTA DE NOMEAMENTO.- En consecuencia o Tribunal Cualificador eleva a Sra. Concelleira a seguinte proposta de nomeamento por orde de puntuación, propoñendo o nomeamento de don **RODRIGO SILVA POCEIRO** para ocupar unha praza de Arquivo, da escala de administración especial.

O opositor proposto deberá **presentar** no prazo **de 20 días naturais, a documentación esixida nas bases da convocatoria**, segundo disposto na 16º das bases xerais.

PROPOSTA DE LISTA DE RESERVA.- O Tribunal Cualificador, seguindo as instrucións recollidas na base 22 das xerais que rexe a convocatoria, elabora a proposta de lista de reserva nos seguintes termos:

Nas quendas libres os opositores que superen algún dos exercicios da oposición, incluíranse, de oficio, nas listas de reserva para cubrir as necesidades de emprego de carácter interino ou temporal. Asemade, poderán ser chamados nos mesmos termos para prover temporalmente postos reservados ao persoal laboral, cando so seu grupo, categoría e funcións sexan as mesmas.

Estas listas elabóranse polos tribunais cualificadores dos distintos procesos selectivos na forma que se establece nos parágrafos seguintes e aprobarase mediante resolución da concelleira responsable da área de persoal



Inclúese na lista de reserva, en primeiro termo, aqueles opositores que superaron todos os exercicios da oposición e non obtiveron praza, segundo a mesma orde de puntuación obtida na oposición.

A lista complétase con aqueles aspirantes que superaron todos os exercicios obrigatorios e eliminatorios agás o último, segundo a orde de puntuación que obtivesen sumando todas as puntuacións obtidas nos exercicios realizados ata o momento en que resultaran eliminados do proceso selectivo.

Seguidamente incluíranse na lista os aspirantes que superaron todos os exercicios obrigatorios e eliminatorios agás o penúltimo, e así sucesivamente segundo a orde establecida no parágrafo anterior.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou mais aspirantes a incluír na lista de reserva este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fose de dabondo, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva.

De persistir o empate este resolverase mediante sorteo cuxa realización se anunciará, para a posible presenza dos aspirantes afectados, mediante anuncio publicado no taboleiro de anuncios do Concello, de de forma complementaria, na sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

En consecuencia, o primeiro posto da lista de reserva, por superar todos os exercicios do proceso selectivo, sería para:

ORDE	NOME	APELIDOS	1º EXERC.	2º EXERC.	3º EXERC.	4º EXERC.	5º EXERC.	6º EXERC.	TOTAL
1	MARIA	PEREZ MARTINEZ	5,6	APTO	7	2,76	11	2,1	28,46

Os seguintes ocupantes da lista de reserva serían os que superaron o primeiro, segundo e terceiro exercicio, exercicios obrigatorios e eliminatorios:

ORDE	NOME	APELIDOS	1º EXERC.	2º EXERC.	3º EXERC.	4º EXERC.	5º EXERC.	6º EXERC.	TOTAL
2	JOAQUÍN	ARAÚJO SEOANE	5,46	APTO	5	1,86	-	-	12,32
3	ROSA MARIA	LOUREIRO BADA	5,6	APTO	5	0	-	-	10,6

Por último na lista de reserva deben incluírse os/as aspirantes que superaron o primeiro e segundo exercicio do proceso selectivo, por orde de puntuación, que son:

ORDE	NOME	APELIDOS	1º EXERC.	2º EXERC.	3º EXERC.	4º EXERC.	5º EXERC.	6º EXERC.	TOTAL
4	PAULA	BOULLOSA RODRIGUEZ	6,4	APTO	-	-	-	-	6,4
5	ESTEFANIA	PEREZ CALVO	5,2	APTO	-	-	-	-	5,2
6	XABIER	SILVA SIMÓN	5,2	APTO	-	-	-	-	5,2

Na posición 5 existe un empate entre dúas aspirantes que teñan a mesma puntuación no primeiro exercicio, o cal debe resolverse mediante sorteo.

A lista de reserva da praza de Arquivoiro, derivada deste proceso selectivo para cubrir necesidades de carácter interino ou temporal, estaría integrada polos 6 aspirantes sinalados, pendente de resolverse o empate na posición 5.

RESOLUCIÓN DO DESEMPATE MEDIANTE SORTEO PARA DETERMINAR A ORDE DEFINITIVA DOS/AS ASPIRANTES NA PROPOSTA DE LISTA DE RESERVA.- Á vista dos empates entre as puntuacións entre Estefanía Perez Calvo e Xabier Silva Simón e non podendo resolverse segundo o disposto na base 22ª das bases xerais, este resolverase mediante sorteo, en aplicación da mesma base que rexe a convocatoria, que terá lugar, en sesión pública, o **venres 28 de maio de 2021, as 8.30 horas, na edificio municipal Casa da Luz (Praza da Verdura)**

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade

en: <https://sede.pontevedra.gal> introducindo o seguinte código seguro de verificación:VZV5AOCKLHE6R0MQ



RÉXIME DE RECURSOS.- Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados, neste caso, as asignacións de puntuacións do sexto exercicio, práctico (proba de coñecemento práctico informática), ou a proposta de nomeamento, poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira do servizo de persoal e cultura), no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes das Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

No obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

